

O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino

O libro electrónico é unha alternativa para presentar e dar a coñecer a información cada vez máis forte e a súa integración no ensino é xa un feito nalgunhas universidades Españolas: Universidad de Alcalá de Henares, Universitat Oberta de Catalunya ou a Universidad IE de Segovia. En Galicia tamén se está a traballar neste campo, especialmente dende o mundo editorial, xurdindo así plataformas de edición electrónica que animan a escritores/as a utilizar este novo medio de publicación. Tamén as universidades galegas adaptan os seus servizos, como é o de publicacións, ou as súas bibliotecas que pouco a pouco van ofertando libros electrónicos a través das súas webs. Resulta interesante achegarnos a esas propostas, coñecer novas experiencias e pensar na súa integración tamén no ensino galego.

Obxectivos

1. Ofrecer a docentes e alumnado unha visión da situación actual do libro electrónico e da súa aplicación no ensino.
2. Abrir unha vía para a integración do libro electrónico nas distintas etapas do ensino galego.
3. Dar a coñecer a fase na que se atopan as Bibliotecas Universitarias polo que respecta á integración nas súas coleccións e servizos do libro electrónico.
4. Familiarizar os docentes e alumnado co libro electrónico, os seus formatos e lectores accesibles no mercado actual.

Estrutura:

- Ponencias sobre aspectos teóricos e xerais
- Comunicacións sobre experiencias e proxectos actuais.
- Obradoiro de edición electrónica
- Mesa redonda
- Stands de editoriais de libro-e e distribuidores de lectores, que permitirán aos docentes e alumnsx probalos.

ORGANIZA

Organización::

Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña

Equipo coordinador:

Docente: Alba Patricia Digón Regueiro

Biblioteca: María Gutiérrez Calvete, Inma Doval

Porto, e M^a Jesús García García.

PATROCINA



Xornadas
O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino

Facultade de Ciencias da Educación, salón de actos, 25 e 26 de outubro



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino

Programa

lúns, 25 de outubro

O libro electrónico

9.00-9.30 h: Entrega de documentación. Presentación e inicio das Xornadas.

Narciso de Gabriel Fernández, decano da Facultade de Ciencias da Educación

Concepción Herrero López, vicerreitora de investigación

María Gutiérrez Calvete, directora da Biblioteca de Ciencias da Educación

9.30-10.30 h: Historia, situación actual. Formatos de edición (PDF e EPUB). Lectores (Kindle, Papyre, Iliad, Ipad...).

Distribución.

Tati Mancebo, directora de Algueirada, xestión cultural e novas tecnoloxías, creadora e xestora de Blogaliza.

10.30 -11.30 h: O escriba sentado.

Camilo Franco, escritor e Corresponsal Cultural de La Voz de Galicia

11.30-12.00 h : descanso.

12.00-13.00: Propiedade intelectual: implicacións, tendencias e cambios no libro electrónico.

Manuel Bragado, director de Edicións Xerais

13.00-14 h. Presentación de comunicacións.:

Ereaders e tendencias de futuro. *Pedro Razquín, UCM*

O libro electrónico nas bibliotecas

16-17.15 h. Dixitalización de libros. Bibliotecas dixitais. Proxecto de dixitalización da Biblioteca da Universidad Complutense de Madrid con Google.

José Antonio Magán Wals, director da Biblioteca da Universidad Complutense de Madrid

17.15-17.45: descanso

17.45-19.00: Panorama actual do libro electrónico nas Bibliotecas. Libro electrónico e redes sociais. Incorporación na biblioteca universitaria. Préstamo de ebooks.

Catuxa Seoane, responsable da planificación e xestión de Tecnoloxías Emerxentes no Sistema de Bibliotecas Municipais de Galicia.

19.00-21: Obradoiro de edición electrónica a cargo da plataforma Meubook.

O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino

martes, 26 de outubro

Libro electrónico no ensino

9-10.15 h.: O libro electrónico na Universidade: Uso e apreciacións que teñen as/os estudantes do libro electrónico. Proxecto piloto na Universitat Oberta de Catalunya (UOC). Territorio E-book.

Javier No, profesor de Tecnoloxía da Información na Facultad de Comunicación da Universidad Pontificia de Salamanca e coordina o laboratorio Orión.

10.30-11 h: descanso

11-13 h : Experiencias no ensino dende o mundo editorial:

— *O libro electrónico na Universidade: Antonio Quirós, director de Luarna.*

— *E-books: novas perspectivas para o acceso e difusión da información científica: Nuria Sauri, directora de produtos electrónicos de Swets.*

13.00-14.00: Presentación de comunicacións e sorteo de ereaders:

— *Galebook S.L: Unha iniciativa empresarial no*

ámbito das Humanidades, UDC.

—*Territorio E-book. José Luís Sánchez, FGSR*

16.00- 17.00 h.: O libro electrónico e o ensino secundario: Proyecto E-volución. *Diego Rosales, coordinador do proxecto no Colexio Juniors/ Grammata*

17.00-17.30: Visita guiada aos stands

17.30-18.00 h: descanso

O libro electrónico: presente e futuro na biblioteca e no ensino

18-20 h: **Mesa redonda** moderada por *Patricia Digón (docente): Tati Mancebo, (xerente Algueirada) Antonio Quirós (director de luarna) , Juan L. Blanco Valdés (director servicio de publicacións USC), Catuxa Seoane (Documentalista), Camilo Franco (escritor) e Manolo Bragado (director edicións Xerais)*

Stands:

Con lectores de e-books nos que o público poida probalos: Luarna

Con información de editoriais / librarías / plataformas de libro electrónico.

Edicións Xerais

Luarna

Meubook

Redelibros

Grammata

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Campus Elviña s/n Elviña
15071 A Coruña
educación.bib@udc.es

981 16 70 00—EXT. 4609—4649—4643

<http://www.educacion.udc.es/biblioteca>